

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CADA UN DOS MEMBROS INTEGRANTES DA UNIDADE MIXTA

- IN853A: CREACIÓN E POSTA EN MARCHA DE NOVAS UNIDADES MIXTAS DE INVESTIGACIÓN
- IN853B: CONSOLIDACIÓN DE UNIDADES MIXTAS DE INVESTIGACIÓN
- IN853C: CENTROS MIXTOS DE INVESTIGACIÓN

DATOS DA ENTIDADE INTEGRANTE DA UNIDADE MIXTA

RAZÓN SOCIAL

ACRÓNIMO

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF/PASAPORTE

EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)

DENOMINACIÓN DA UNIDADE MIXTA DE INVESTIGACIÓN

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

1. Que os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan e que facilita o organismo de investigación como representante da unidade mixta de investigación son certos e acepta as condicións e obrigas do programa Unidades Mixtas de Investigación recollidas na Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas do programa Unidades Mixtas de Investigación, e se procede a súa convocatoria para o ano 2022.
2. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.
3. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e de reembolso de préstamos ou anticipos concedidos con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.
5. Non estar suxeita a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión Europea que declarara unha axuda ilegal ou incompatible co mercado común.
6. Que a solicitude de axuda é anterior ao comezo das actividades para as cales se solicita (efecto incentivador).
7. Que ten a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos da unidade mixta para a cal se solicita a axuda.
8. Que desenvolverá en Galicia as actividades que ten asignadas no plan de traballo da unidade mixta de investigación para o que solicita a axuda.
9. Que as dependencias da unidade mixta de investigación estarán en Galicia, perfectamente delimitadas, identificadas e fisicamente diferenciadas das entidades que nela participan.
10. Que non pode ser considerada unha empresa en crise conforme ao disposto no artigo 2.18 do Regulamento (UE) 651/2014, de 17 de xuño, da Comisión.
11. Que, se é o caso, non vai realizar ningunha utilización comercial posterior do prototipo ou proxecto piloto incluído na proposta.
12. Que manterá un sistema de contabilidade separada ou un código contable adecuado que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos investimentos realizados ao abeiro da convocatoria, e conservar a documentación xustificativa relativa aos gastos financiados durante un prazo de cinco anos.
13. Que cumprirá a normativa comunitaria, estatal ou autonómica de aplicación.

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA (continuación)

14. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan*:

Data solicitude	Data concesión ⁽¹⁾	Organismos	Programa convocatoria	Importe (€)	Tipo (subvención, préstamo, etc.)	Disposición reguladora

* Non é necesaria a información relativa ás axudas denegadas

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase PENDENTE nesta columna.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

NOTA: Cada un dos membros da agrupación deberá cubrir esta declaración en papel coa sinatura manuscrita e escanearse para ser anexada en formato PDF á solicitude.